

O TRIBUNAL SUPREMO CONFIRMOU A SENTENZA DO TSX-G QUE ANULOU A CARREIRA PROFESIONAL NA XUNTA DE GALICIA

A CIG conseguiu o peor dos escenarios posibles, anular a carreira vixente, do persoal da Xunta sen garantir a súa extensión como anunciaba.

Esta Sentenza constitúe un verdadeiro fracaso da acción sindical e dos servizos xurídicos da CIG, pois ao único que obriga e a ter que negociar novamente a carreira profesional do persoal da administración xeral da Xunta de Galicia, sempre e cando a administración sexa quen de presentar unha nova proposta.

A **sentenza** gañada pola **CIG** contra a orde que regula o grao I do sistema extraordinario da carreira profesional efectivamente xa é firme, e **anula a carreira profesional para todos, sen que haxa obriga** ningunha para a **administración a estender o dereito** ao grao I ao **persoal que non o viña cobrando**.

Os sindicatos non asinantes, entre eles a **CIG** e a **CSIF** tiveron a **oportunidade**, por medio da negociación colectiva na xuntanza da **Comisión de Persoal** do día 26 de xullo de **2019**, de **estender o dereito** para todos e **decidiron votar en contra**. Agora **non vale pretender emendar o erro enganando ao persoal cun suposto triunfo xurídico que non é tal**.

Tampouco é verdade que a Xunta teña agora **dous meses para executar a sentenza e incluír a todo o persoal** que cumpra os requisitos (sexa funcionario de carreira ou persoal interino ou laboral) no ámbito subxectivo do primeiro grao extraordinario, pois o que **pode suceder é que si non se chega a outro acordo** quede **definitivamente suspendida a carreira profesional** para o persoal que xa a viña cobrando sen que se vaia estender a ningún colectivo máis.

En todo caso desde **UGT** e **CCOO**, como asinantes do actual acordo que supuxo a implantación da carreira profesional na Xunta de Galicia, **esixen**:

1. Que **se garanta** por parte da Administración que a carreira profesional **seguirá pagándose** como ata agora.
2. Que se leven adiante as **modificacións** necesarias para o acceso e **incorporación** ao cobro da carreira extraordinaria daquelas **persoas que non cumprían os requisitos no ano 2019**, pero que **agora si** os cumpren, así como para a **progresión ao Grao II** de carreira a todas aquelas persoas que xa viñan cobrando o Grao I.
3. Que, en todos os casos, os **efectos económicos** do recoñecemento do grao correspondente deben ter efectos retroactivos a **1 de xaneiro de 2022**.
4. Que as **anualidades e porcentaxes** do cobro do II Grao e sucesivos teñen que ser **homoxéneas para todo o persoal** independentemente do seu grupo de clasificación.
5. Que, tal como establece o **Acordo de Concertación**, **se negocie e publique** o Decreto que regulará a **carreira profesional ordinaria** para que as persoas que cumpran os requisitos poidan seguir progresando e acceder aos graos III e IV

Sobre estas premisas, **CCOO** e **UGT** esixen a **inmediata apertura da negociación** coa Dirección Xeral de Función Pública co obxecto de primeiro, **garantir a continuidade** do cobro da carreira profesional, segundo, **incorporar á mesma ao persoal** que non puido acceder no ano 2019 e terceiro, permitir a **progresión ao Grao II** a quen xa viña percibindo o Grao I.